



O máis destacado da cultura galega en 2022 segundo os seus xestores

DOI: 10.17075/mdcg2022.2023

Este documento sinala os eventos, accións culturais, persoas ou entidades máis destacados no ámbito da cultura galega en 2022, a xuízo das persoas responsables das entidades culturais en Galicia. Os resultados constitúen un adianto da quinta entrega do *Barómetro da cultura galega*, iniciativa promovida en 2020 polo Consello da Cultura Galega para a elaboración dun conxunto de traballos de investigación cuxo obxectivo é describir o estado, a evolución, as necesidades e as perspectivas das entidades culturais galegas. Os distintos *Barómetros* proveñen dunha serie de enquisas cuxas conclusións foron publicadas entre xullo de 2020 e abril de 2022. O

Consello da Cultura Galega foi ampliando a mostra de entidades coa finalidade de incluír todos os axentes da cultura. Así, a día de hoxe, a investigación abrangue un universo maior, coa representación dun amplo espectro de entidades (empresas, asociacións, fundacións, administracións públicas etc.). Os datos extraídos para elaborar este documento de traballo inclúen, ademais, unha mostra de traballadores autónomos dentro do ámbito cultural. A mostra total desta entrega do *Barómetro* é de mil casos.

A delimitación do ámbito cultural baséase principalmente nas actividades recollidas na Conta Satélite da Cultura de Galicia do Instituto Galego de Estatística, ás que se engaden actividades culturais non referidas nesa operación contable por ausencia de información, como son a educación cultural, as actividades de tradución e interpretación, os videoxogos e outras actividades informáticas relacionadas coa cultura. As actividades específicas das entidades agrúpanse nas seguintes categorías:

Actividades específicas das entidades da cultura galega

- Artes gráficas e actividades relacionadas
- Comercio de libros e publicacións periódicas
- Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas
- Audiovisual e actividades relacionadas
- Artes visuais
- Música
- Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas
- Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural
- Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas
- Educación cultural
- Actividades das administracións públicas

Fonte: Elaboración propia

Os datos que se presentan a continuación son unha explotación parcial das primeiras 895 respostas obtidas do *Barómetro da cultura galega* de 2022. O traballo de campo desenvolveuse entre o 10 de xaneiro e o 7 de febreiro de 2023.

Preguntóuselles ás persoas responsables das entidades culturais pola oferta cultural máis salientable de 2022, para o que se pediu que sinalasen

cales foron, ao seu xuízo, os tres eventos, accións culturais, persoas ou entidades máis destacados da cultura galega a pasado ano. Trátase, polo tanto, dunha pregunta aberta, para a cal as persoas enquisadas ofreceron entre unha e tres respostas, sen suxestións por parte dos enquisadores. Como en calquera outra pregunta, tamén hai unha incidencia importante de ausencia de resposta. Os resultados que se ofrecen proveñen de 1.335 referencias a algunha actividade, evento ou persoa. A continuación amósanse os resultados:

Eventos e accións culturais máis destacados da cultura galega en 2022

	Frecuencia	Porcentaxe
Eventos culturais do Xacobeo / Camiño de Santiago	200	22,3
Tanxugueiras	189	21,1
O Son do Camiño	93	10,4
Filme <i>As bestas</i>	50	5,6
Os festivais de música	49	5,5
A visibilidade do audiovisual galego	48	5,4
As festas e verbenas populares como transmisoras da cultura galega	26	2,9
A programación da Cidade da Cultura de Galicia	21	2,3
Actos polo Día das Letras Galegas	21	2,3
Culturgal	20	2,2
Resurrection Fest	18	2,0
Premios Mestre Mateo	18	2,0
Exposición de Peter Lindbergh (Fundación Marta Ortega)	16	1,8
Grupo Chévere, <i>N.E.V.E.R.M.O.R.E.</i>	15	1,7
Marilar Aleixandre, Premio Nacional de Narrativa 2022	14	1,6
Luis Zahera	14	1,6
Orquestra Sinfónica de Galicia	12	1,3
Luís Tosar	9	1,0
Rede Cultural da Deputación da Coruña 2022	9	1,0
Festival Sinsal	9	1,0
Sés	9	1,0
Cineuropa	8	0,9
Real Filharmonía de Galicia	8	0,9
Centro Dramático Galego	8	0,9
A Xunta de Galicia e os seus organismos culturais (AGADIC etc.)	7	0,8
Festival da Luz	7	0,8
Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira	7	0,8

DOCUMENTOS DE TRABALLO

O Marisquiño	7	0,8
Festival de Cans	6	0,7
O bono cultural da Xunta de Galicia	6	0,7
Exposición Laxeiro	6	0,7
Filme <i>O que arde</i> / Dirección de Oliver Laxe	6	0,7
Feiras do libro	6	0,7
Exposición <i>Francisco Leiro. O Antropomórfico</i> no Museo MARCO	5	0,6
Rede Galega de Teatros e Auditorios	5	0,6
Iluminación de Nadal de Vigo	5	0,6
Consello da Cultura Galega	5	0,6
Filme <i>O corpo aberto</i>	5	0,6
Baiuca	5	0,6
David Rubín / Cómic <i>El Fuego</i>	5	0,6
Esther Estévez (<i>Dígocho eu</i>)	4	0,4
As obras de restauración da catedral de Santiago	4	0,4
Xabier Díaz	4	0,4
Carlos Núñez	4	0,4
Serie <i>Rapa</i>	4	0,4
Curtametraxe <i>Esliva</i> / Dirección de Lois Patiño	4	0,4
Domingo Villar	4	0,4
Festival Internacional Outono Teatro - FIOT Carballo	4	0,4
Festival do cómic Viñetas desde o Atlántico, na Coruña	4	0,4
Centenario de María Casares	4	0,4
A programación da Deputación de Pontevedra	4	0,4
Ledicia Costas	3	0,3
Manuel Rivas	3	0,3
Voadora / Marta Pazos	3	0,3
Carlos Blanco	3	0,3
Encontro Mundial de Humorismo, na Coruña	3	0,3
Outras referencias á produción e programación musical	58	6,5
Outras referencias específicas ao audiovisual galego	43	4,8
Outras referencias á produción e programación teatral	35	3,9
Outras referencias á produción literaria	27	3,0
Outros actores e actrices destacados	10	1,1
Outros galardóns literarios nos ámbitos autonómico e estatal	9	1,0
Outras respostas	117	13,1
Non destaca ningún	7	0,8
Ns/Nc	227	25,4

Fonte: Elaboración propia

Ao preguntarlle ao universo cultural galego pola oferta cultural de 2022, un primeiro elemento que cómpre destacar é o amplísimo abano de

respostas recollidas, pois dá conta da riqueza e variedade do sector. Na táboa anterior especificáanse aquelas que obtiveron polo menos tres respostas. Detectouse un número importante de respostas cunha frecuencia menor pero que eran susceptibles de ser agrupadas nunha serie de categorías temáticas, de modo que non se encadrasen todas nunha única categoría «Outras respostas». Por ese motivo, creáronse as categorías xenéricas de referencias á produción e programación musical, ao audiovisual galego, á produción e programación teatral, á produción literaria, a outros actores e actrices destacados distintos dos que xa tiñan categoría propia e a outros galardóns literarios nos ámbitos autonómico e estatal.

En todo caso, recóllense seis referencias que sobresaen claramente por riba das demais en canto á súa porcentaxe de mención, e dentro delas hai dúas que presentan índices superiores ao 20%: os eventos culturais do Xacobeo / Camiño de Santiago, categoría xenérica que agrupa as respostas do 22,3% das persoas entrevistadas, e o fenómeno ligado á participación das Tanxugueiras no Benidorm Fest de 2022, que ocupa a segunda posición cunha mención destacada do 21,1% das persoas entrevistadas. Para completar este particular podio, a terceira posición correspóndelles aos eventos do Son do Camiño, cun tamén moi destacado 10,4% de mencións.

Como se pode observar, dúas das tres categorías máis citadas —as referencias xenéricas ao Xacobeo e as específicas ao Son do Camiño— resaltan a importancia da axenda cultural creada para acompañar o Ano Santo.

Tras estas tres principais respostas sitúase en cuarta posición o filme *As bestas*, citado polo 5,6% das persoas entrevistadas e cuxa repercusión se deixa sentir tamén noutras categorías, como a mención a Luis Zahera (1,6%) e a algúns dos profesionais que conforman a categoría colectiva «Outros actores e actrices destacados» (1,1%). En relación con esta gran repercusión do sector audiovisual, tamén cómpre prestar atención á referencia xenérica á «visibilidade do audiovisual galego», que, co 5,4%, figura no sexto lugar da táboa. Outras respostas relacionadas son as mencións a outros actores, como Luís Tosar (1%) ou Carlos Blanco (0,3%); aos filmes *O que arde* (0,7%) e *O corpo aberto* (0,6%); á curtametraxe *Esliva* (0,4%); a series como *Rapa* (0,4%); a outros eventos do sector, como os Premios Mestre Mateo (2,0%), Cineuropa (0,9%) ou o Festival de Cans (0,7%), así como, finalmente, ao agregado doutras contestacións relativas á importancia do sector, que polo escaso peso porcentual de cada unha delas non merecían

constituír unha categoría diferenciada de resposta, aínda que de xeito conxunto supoñen o 4,8% da mostra. Neste punto cabe sinalar que o traballo de campo se fixo con anterioridade á gala dos Premios Goya, polo que esta elevada porcentaxe de mencións a *As bestas* e ás referencias ao audiovisual non recolle o feito de que o filme de Sorogoyen fose o gran triunfador da gala. En total, as respostas relacionadas co audiovisual suman mencións do 25,5% das persoas enquisadas.

En quinto lugar atópase a alusión aos festivais de música (5,5%), mención á que cabería engadir as referencias a festivais específicos (non incluídos na anterior porcentaxe), como o Resurrection Fest (2%), o Festival Sinsal (1%), o Festival da Luz (0,8%) e o Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira (0,8%). En relación coa música, ademais das Tanxugueiras, tamén se mencionan especificamente outros artistas, como Sés (1%), Baiuca (0,6%), Xabier Díaz (0,4%) e Carlos Núñez (0,4%), e institucións musicais como a Orquestra Sinfónica de Galicia (1,3%) e a Real Filharmonía de Galicia (0,9%). Finalmente, cómpre apuntar que o 6,5% das persoas entrevistadas aludiron a outros eventos ou persoas destacables do eido musical, que figuran na categoría colectiva «Outras referencias á produción e programación musical». As referencias a actividades musicais, incluídos o mencionado festival do Son do Camiño e as festas e verbenas populares (2,9%), suman respostas do 55,6% dos axentes entrevistados.

No campo da oferta literaria, as respostas apuntaron de forma sinallada o Premio Nacional de Narrativa de 2022 co que foi galardoada Marilar Aleixandre (1,6%), se ben tamén acadaron categoría propia de mención autores como David Rubín ou o seu cómic *El Fuego* (0,6%), Domingo Villar (0,4%), Leticia Costas e Manuel Rivas (ambos cunha porcentaxe do 0,3%). O conxunto de respostas ao redor da literatura, incluídas as mencións aos actos polo Día das Letras Galegas (2,3%), as feiras do libro (0,7%), o Festival do Cómic Viñetas dende o Atlántico (0,4%), así como outras referencias á produción literaria e outros galardóns literarios a nivel autonómico e estatal, suma respostas do 10,7% das persoas entrevistadas.

En canto á oferta teatral, cabe sinalar o grupo Chévere, coa súa obra *N.E.V.E.R.M.O.R.E.* (1,7%); o labor levado a cabo polo Centro Dramático Galego (0,9%); o Festival Internacional Outono Teatro - FIOT Carballo (0,4%), ou Marta Pazos e Voadora (0,3%), ao tempo que na categoría de resposta «Outras referencias á produción e programación teatral» se recolle outro

3,9% de mencións. Estas mencións específicas ao teatro, sen contar as categorías que citan actores e actrices (que xa contabilizaron na categoría de audiovisual), suman respostas do 7,% dos responsables enquisados.

Pódense destacar tamén algunhas respostas ao redor das artes visuais e o patrimonio, concretamente as exposicións sobre Peter Lindbergh (1,8%), Laxeiro (0,7%) e Francisco Leiro (0,6%), así como as obras de restauración da catedral de Santiago (0,4%). En total suman respostas do 3,5% da mostra.

En relación coas entidades máis destacadas da cultura galega en 2022, ademais das respostas agrupadas ao redor da actividade da Cidade da Cultura, as máis mencionadas son a Rede Cultural da Deputación da Coruña (1%), a Xunta de Galicia e os seus organismos culturais¹ (0,8%), o Consello da Cultura Galega (0,6%), a Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC (0,6%) e a programación da Deputación de Pontevedra (0,4%). Tamén son destacables as mencións a Culturgal (2,2%).

Así mesmo, cabe resaltar as respostas que mencionan persoas e eventos non englobados en ningunha das categorías anteriores, como a xornalista Esther Estévez e o espazo de divulgación *Digocho eu* (0,4%); María Casares, da que se celebrou en 2022 o centenario do seu nacemento (0,4%); a iluminación de Nadal de Vigo (0,6%), ou Encontro Mundial de Humorismo na Coruña (0,3%).

En función da actividade específica que desempeñan estas empresas e entidades, observouse que o segmento dedicado á música destacou por igual os eventos do Xacobeo / Camiño de Santiago e as Tanxugueiras (20,3%), mentres que o segmento do comercio de libros e publicacións periódicas, o das artes visuais e mais o do teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas citan en maior medida as Tanxugueiras (con porcentaxes entre o 22,5% e o 28,5%). Nos sete segmentos restantes citáronse en maior medida os eventos do Xacobeo. O segmento que engloba as respostas de responsables de departamentos culturais das administracións públicas (Xunta, concellos e deputacións) destacou sobre

¹ Malia que hai entidades culturais dependentes da Xunta de Galicia recollidas noutras categorías, decidiuse agrupar nesta aquelas respostas que facían mención específica ao Goberno autonómico.

todo polas mencións aos eventos do Xacobeo e do Son do Camiño como os máis salientables da oferta cultural de 2022 (40,4%).

Os tres eventos e accións culturais máis destacados da cultura galega en 2022 tamén estaban entre os máis mencionados da oferta cultural do ano 2021², algo que cabía esperar no caso do Xacobeo, dada a continuidade do Ano Santo en 2022. De feito, presenta neste ano unha porcentaxe de mención só seis décimas inferior, ao tempo que a mención ao Son do Camiño pasa do 2,7% ao 10,4% actual.

A mención á participación das Tanxugueiras no Benidorm Fest presenta un incremento aínda maior, que pasa do 6,3% ao 21,1%. Neste punto cabe sinalar que no estudo anterior só se recollía o impacto que xerou a súa candidatura principalmente durante os meses de novembro e decembro de 2021, mentres que no actual valórase o conxunto da repercusión que tiveron a súa participación no propio Benidorm Fest e todas as actuacións posteriores.

En canto ao sector audiovisual, o barómetro de 2021 recollía a categoría «A presenza do audiovisual galego nos Goya e nos festivais internacionais», cunha porcentaxe de mención do 4,6%, polo que xa se podía considerar un ano moi bo para o audiovisual galego. Con todo, á vista dos datos recollidos nesta edición, semella que 2022 foi aínda mellor, pois o 5,6% cita especificamente o filme *As bestas*, o 1,6% a Luis Zahera e o 1% a Luís Tosar, ao tempo que o 4,8% fai outras referencias específicas ao audiovisual galego.

A categoría «Outras respostas» obtén unha porcentaxe de mención do 11,3%, 15,4 puntos menos que en 2021. Isto é debido a que, a pesar de que se mantén esa opción xenérica, tamén se recompilan outras referencias estruturadas ao redor de seis ámbitos: produción e programación musical (6,5%), audiovisual galego (4,8%), produción e programación teatral (3,9%), produción literaria (3%), actores e actrices destacados (1,1%) e galardóns literarios a nivel autonómico e estatal (1%).

² http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2022_Barometro-da-cultura-galega-2022.pdf



Hai que salientar que a opción «Non sabe / non contesta», que acadara en 2021 unha porcentaxe de mención do 36,6%, descendeu en 2022 ata o 25,4% (11,3 puntos menos).